Foi Noticia...

Galas anuais, tapas e ano histórico para o fútbol de Oroso

Troi
Xullo 2018
Boletín informativo mensual Concello de Oroso

900.000 euros de investimento en obras para mellorar os servizos das parroquias

O Concello de Oroso acometerá a curto prazo diferentes obras nas parroquias do municipio, todas elas encamiñadas a mellorar os servizos do rural e froito das conversas do alcalde, Manuel Mirás, cos veciños. O investimento rondará os 900.000 euros.

Algúns destes proxectos están incluidos no Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación da Coruña e outros serán asumidos con fondos propios do Concello de Oroso, grazas á boa situación económica das arcas municipais. O alcalde confía na boa disponibilidade das empresas adxudicatarias para comezar os traballos nun prazo máximo de dous meses.

Entre as obras, destacan os 327.000 euros que irán a mellorar os camiños e vías con traballos de aglomerado e asfaltado en Piñeiro; A Costa e Zan (Trasmonte); Piñeirón; A Falmega; A Igrexa-(A-Gándara);-Mixoi; Castiñeiro Redondo e Urbanización Porto Avieira.

Haberá un investimento de 106.000 euros no aglomerado da pista que une Cachopal coa igrexa de San Mamede e 20.000 euros para a acometida de auga de Cachopal a Sar. Tamén comezarán os traballos da senda de acceso ao refuxio (125.768 euros).

Outra partida de 70.000 euros irá á primeira fase da pista da parroquia de Senra (de Couso a Ponte Carollo); 50.000 euros para as beirarrúas de O Barreiro; e 55.000 euros para os accesos ao polígono de Sigüeiro.

Por último, destacar os 60.000 euros para as obras de ampliación da escola infantil Ulloa (xa comezadas), e dúas partidas de 60.000 e 18.000 euros para as reformas da rúa Ulloa e o parque infantil de Sigüeiro.

"Cumprimos o noso programa e escoitamos as demandas dos veciños", sostén Manuel Mirás, satisfeito ademais "pola situación saneada das contas do concello, o que nos permite ter un ritmo constante de obras de mellora de servizos en todo o concello".

Edita e imprime: Concello de Oroso
981 691 478 | 981 690 903

concellooroso.com
info@concellooroso.com

O servizo de auga estrea instalacións cun innovador plan de atención aos usuarios

O servizo de municipal de auga do Concello de Oroso, que chega xa a 3.000 vivendas, inaugurou unhas novas instalacións e puxo en marcha un innovador plan de atención aos usuarios.

Na inauguración das oficinas, na rúa Rosalía de Castro, o alcalde Manuel Mirás amosou a súa satisfacción "por esta nova etapa na que mellorará o servizo que lle damos aos veciños, cun centro de atención de avarías as 24 horas do día e outras innovacións técnicas".

En concreto, Viaqua poñerá en marcha en Oroso o programa Aquacis, creado para mellorar a calidade de atención ao usuario e, á vez, aumentar a eficiencia. As tarifas para uso doméstico xa están en Oroso un 30% por debaixo da media da contorna.

Os usuarios recibirán alertas no seu móbil cando se produzan cortes no subministro por algunha incidencia, así como da hora de previsión do seu restablecemento. Tamén haberá un centro de atención telefónica as 24 horas e os 365 días do ano no que o usuario poderá realizar a maior parte dos procedementos: pagamentos, contratación, queixas, avarías e incidencias.

Na web do servizo, ademais de información xeral, haberá enlaces directos a: contacto, oficina virtual, etcétera, cun alto compoñente educativo sobre a importancia dun manexo e consumo responsable da auga.

A partires do mes de setembro, empezarase a visitar os colexios públicos da man da mascota Troi para dar a coñecer a auga en Oroso a través do programa informático Aqualogía.

Nova senda peonil que conectará Falmega con Villaromarís

O Concello de Oroso terá unha nova senda peonil de máis de 700 metros que conectará o núcleo de Falmega, na parroquia da Gándara, con Villarromarís. En concreto, esta nova infaestrutura é un tramo que quedaba por facer na senda de seis quilómetros que comeza en Sigüeiro, continúa por A Gándara e remata en Villaromarís.

As obras, cun orzamento que ronda os 100.000 euros, comezarán grazas a un investimento da Deputación da Coruña. "Era unha demanda veciñal que desde o concello trasladamos ao organismo provincial, non foi atendida cando o Partido Popular gobernaba na Deputación, Para o Concello de Oroso, é unha prioridade mellorar as comunicacións entre o centro urbano e as parroquias do municipio. "Era ademáis un compromiso electoral que cumprimos para mellorar a vida dos veciños e a seguridade viaria nun tramo moi transitado habitualmente", afirma o alcalde.

A nova senda terá dous metros de ancho e discurrirá polo marxe dereito da estrada que une Sigüeiro con Vilarromarís. "Xa estamos entre os municipios galegos con máis quilómetros de sendas peonís construídos", engade Manuel Mirás.

Recicla para un neno

O Concello de Oroso puxo en marcha unha campaña de reciclaxe de ordenadores, co obxectivo de alongarlles a súa vida útil, instalarlles programas educativos e doalos a nenos e nenas con dificultades económicas.

'Recicla para un neno' é un proxecto de responsabilidade social. A concelleira de Benestar Social, Ensino e Atención á Infancia de Oroso, Beatriz Rodeiro, é a impulsora desta iniciativa xunto coa empresa Infolitic, que ten a súa sede en Oroso.

A empresa encárgase de borrar toda a información dos ordenadores de forma segura, como paso previo á instalación de diferentes programas e ferramentas educativas.

O proxecto busca que a xente que xa non use un equipo no canto de tiralo, cédao, para que un neno poida aprender e educarse con el.

A persoa que doa un ordenador poderá saber en todo momento a situación na que se atopa o equipo doado e se lle notificará por email se o ordenador se lle regalou a un neno ou si pola contra se procedeu ó seu reciclaxe no punto limpo. "Faremos unha selección dos equipos que realmente teñan posibilidades de reutilización e cos outros nos encargaremos do seu correcto reciclaxe", aseguran desde Infolitic.

"Preparamos estes equipos cun paquete de programas educativos, para poder darllos a un neno o nena de entre 6 e 12 anos", engaden.

Andaina solidaria a favor de Asanog

Máis de 400 persoas participaron nunha andaina solidaria organizada polo Concello de Oroso a favor da Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia (Asanog).

O mal tempo non impediu que a convocatoria fose un éxito e na andaina participou o grupo de goberno, liderado polo alcalde Manuel Mirás. "Para o Concello de Oroso é moi importante colaborar con iniciativ solidarias deste tipo", manifestou. Asanog é unha asociación sen ánimo de lucro.

Na andaina participou tamén o doutor José Miguel Couselo Sánchez, natural de Oroso e que desenvolveu toda a súa traxectoria profesional no eido na oncoloxía pediátrica. O alcalde anunciou que será nomeado fillo predilecto do Concello o próximo outono.

IV Festival de Bandas

O Concello de Oroso celebrará este sábado 7 de xullo a cuarta edición do seu Festival de Bandas, que incluirá unha homenaxe á Banda de Música de Ordes, composta por numerosos músicos do Concello de Oroso.

Unha celebración aberta a toda a veciñanza e que terá lugar na igrexa e no campo da festa da parroquia de Senra, organizada polo Concello de Oroso en colaboración coa Asociación de Veciños de Senra e a Deputación da Coruña.

O acto estará presidido polo alcalde de Oroso, Manuel Mirás Franqueira, á fronte de gran parte da corporación municipal. Tras o tradicional pasacalles (12:30 horas) e da misa (13:30 horas), terá lugar o primeiro concerto das Bandas de Música de Arca e de Ordes.

Os actos de homenaxe aos músicos orosáns que forman ou formaron parte da Banda de Ordes terán lugar ás 14:00 horas no palco da música de Senra e darán paso a un xantar de confraternidade. Ás 17:00 horas terá lugar o Festival de Bandas coas actuacións das bandas de música de Arca e de Ordes. O trío Alborada porá o punto e final aos festexos cunha verbena.